

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO.AXUDAS PARA ADQUIRIR
LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR. Curso escolar 2024/25

✓ QUEN PODE SOLICITALO?:

Fondo solidario de libros de texto: alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de EP

Axudas para adquirir libros de texto: alumnado matriculado en 1º e 2º de EP e en educación especial (EE); así como as axudas que pode recibir o alumnado incluído na disposición adicional primeira (discapacidade $\geq 65\%$) e na disposición adicional segunda (necesidades específicas de apoio educativo –NEAE-), circunstancia que fará constar o centro na solicitude.

✓ Axudas para adquirir material escolar: alumnado matriculado en EP e EE.

✓ QUE PRAZOS TEMOS PARA SOLICITALO?:

- ✓ Ata o 21/06/2024 (este incluído) para alumnado de EP, no centro escolar ou mediante a sede electrónica.
- ✓ O alumnado que no curso 24-25 curse estudos da ESO deberá entregar a solicitude en dito centro.

✓ ONDE O PODO SOLICITAR?:

Solicitude no centro: Neste caso cubrirán a solicitude e presentarase no centro (debidamente asinados), xunto coa documentación.

Solicitude na Sede Electrónica da Xunta de Galicia.

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED330B>

Neste suposto o centro recibira un aviso no seu correo electrónico que lle informara de que ten solicitudes presentadas por esta vía.

✓ QUE DOCUMENTACIÓN TEÑO QUE PRESENTAR?:

- Solicitude unha soa por familia e por centro (Anexo I)
- Anexo II.
- Copia de todo o libro de familia.
- En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor, ou certificado de convivencia